

Que tal rapac@s? Un día máis para facer algo de música e un día menos para rematar o curso, que queda... **moi pouquiño!!!!**

Hoxe imos rematar o traballo que empezamos dos instrumentos populares galegos.

\*Para calquera duda tedes o meu correo “blancopena@edu.xunta.es”, a aula virtual ou a través do voso tutor@.

### **3º-4º PRIMARIA**

#### **INSTRUMENTOS POPULARES GALEGOS**

Xa vimos na anterior sesión ,os instrumentos da familia de vento e hoxe veremos os de percusión e de corda.


#### **FAMILIA DE PERCUSIÓN**

Como o seu nome indica para que produzan o seu son, teño que percutilos ou golpealos suavemente. A maioría son de pel ou parche pero tamén temos outros de diversos materiais. Recorda que son instrumentos **acompañantes**, non melódicos como a gaita, a requinta....posto que non podemos dar notas determinadas e polo tanto facer unha melodía.


**PEL OU PARCHÉ.** Golpeo suavemente a pel para producir o son.



*PANDEIRETA*



*PANDEIRO CADRADO*



*BOMBO*



*TAMBORIL*

**SEN PEL.** Golpeo outro material como pode ser, a madeira, o metal, cuncha.....

CHARRASCO



CUNCHAS



CULLERES



TARRAÑOLAS



Nesta dirección escoitarás como soan algún deles e outros que son moi curiosos. É un vídeo feito por un grupo musical galego de Pontedeume que se chama “Faltriqueira”

[https://www.youtube.com/watch?v=t\\_RdZN1w4G4](https://www.youtube.com/watch?v=t_RdZN1w4G4)

## **FAMILIA DE CORDA**

Como o seu nome indica son “cordas” as que producen o son nesta familia. En Galicia destacaríamos o violín( de **corda fretada** e que xa o traballamos noutros cursos) e a.....ZANFONA.

## **ZANFONA**

Este instrumento é un dos máis arraigados na música tradicional galega. As súas cordas vanse frotando por medio dunha **roda** á que lle vou dando voltas cunha **manivela**. Ademáis ten un **teclado** no que vou cambiando as notas polo tanto é un instrumento **melódico**. Como unha imaxe vale máis que mil palabras, mira nesta dirección como soa e como funciona,



COMO É UNHA ZANFONA?:

<https://www.youtube.com/watch?v=p3gR6veeUoI>

Pois agora no outro documento adxunto desta sesión, tedes unhas actividades sobre o aprendido dos instrumentos populares galegos. Recorda que non tes que imprimir, podes facelo nun folio ou nunha libreta.